

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I112	CON/74/2017	08-06-18 11:32

Número 8 .- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato das "Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel".

Destinatario

15078DCMG12I112Y



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 08 de xuño de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 8 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MOCIDADE, DEPORTE E BENESTAR ANIMAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS "OBRAS DE RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE CÉSPEDE SINTÉTICO E DO SISTEMA DE REGA NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SANTA ISABEL".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 1 de xuño de 2018, da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2018/315 de data 6.6.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Noa Morales Sánchez**, concelleira delegada de mocidade, deporte, mercados e benestar animal, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel", consonte aos termos establecidos no artigo 326 Lei de contratos das Administracións Públicas, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I112	<i>Expediente</i> CON/74/2017	<i>Fecha</i> 08-06-18 11:32

Primeiro: Con data 26 de abril de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL & CALFENSA PROYECTOS SL.

Segundo: Con data 31 de maio seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa OPSA- OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES S.A., que propón a instalación dun céspede que non supera os parámetros para o criterio de calidade FIFA QUALITY PRO (segundo o procedemento 2015 ou posterior), incumprindo os requirimentos técnicos do proxecto.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL & CALFENSA PROYECTOS SL, por un importe de **359.500 euros** (IVE aparte 21%: 75.495 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de dez anos, sobre o mínimo de cinco previstos.

Designase como técnico municipal director responsable do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 62200."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa OPSA- OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES S.A., que propón a instalación

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I112	<i>Expediente</i> CON/74/2017	<i>Fecha</i> 08-06-18 11:32

dun céspede que non supera os parámetros para o criterio de calidade FIFA QUALITY PRO (segundo o procedemento 2015 ou posterior), incumprindo os requerimentos técnicos do proxecto.

Segundo: Adxudicar o contrato de "Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel" a favor da empresa UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL & CALFENSA PROYECTOS SL, por un importe de 359.500 euros, (IVE aparte 21%: 75.495 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de dez anos, sobre o mínimo de cinco previstos.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 62200.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández